

O ovo do melgacho.

O melgacho é unha pequena quenlla que tamén se denomina gato.

Trala fecundación interna e cruzada, a femia pon un ovo rectangular, de entre 5 e 7 cm de lonxitude e uns 2 de anchura. Como os de todos os elasmobranquios ovíparos, está protexido pola súa natureza córnea.

Ese estraño ovo ten uns aros, como fermosas arracadas, cos que se ancora ao fondo ou a unha gorgonia.

A gran masa do saco vitelino alimenta o embrión, no que os ollos son un dos primeiros órganos en desenvolverse, aínda que aínda tardarán en ser prácticos: os ollos ven só si o cerebro o manda.

A medida que o saco vitelino mingua, o embrión medra. De momento, só se recoñecen os ollos e as branquias externas, xa moi conspicuas e irrigadas, que evidencian o carácter primitivo de todos os peixes cartilaxinosos.

Entón empezan a desenvolverse os pregos que darán lugar ás aletas.

A medida que o embrión medra e adquire a forma e as escuras manchas do adulto, a cola flexiónase sobre o corpo e o ovo vai escurecéndose.

A incubación do ovo dura ao redor de 7 meses. Cara ao final dese periodo, cunha duración que depende da temperatura da auga, apenas quedan substancias de reserva no saco vitelino, e o embrión ocupa todo o ovo. É o momento de saír. Axudarase dos dentículos dérmicos, estruturas que recubren a pel dos condrictios e que lles dá unha textura como de lixa. Mide case 10 cm e as branquias xa se situaron debaixo das fendas branquiales.

E aí está o mundo. Acabouse a protección, a comida fácil, os días sen sobresaltos e as noites repousadas. Sen moito tempo para afacerse ao novo ambiente, onde a auga puido levalo dun lado a outro, agora o xuvenil ten que abrir os ollos e non perder detalle de canto ocorra ao seu arredor.

Hai que buscar pequenos moluscos, crustáceos, poliquetos e peixes menores que el; e evitar ser comesto, claro.

E afastar as branquias dos perigos; que non deixen de intercambiar osíxeno por dióxido de carbono. Os elasmobranquios non teñen opérculos que protexan un dos órganos máis vitais. Son moitas novidades para o xuvenil melgacho.

Pero non pode quedarse moito tempo exposto. Hay un mundo por explorar ahí diante.

Acadará os 60 cm, si vive no Mediterráneo, e os 70, si habita no océano Atlántico. Percorrerá os fondos brandos, pero tamén se achegará aos rocosos e ao coralíxeno, e será un depredador nocturno moi activo.

Ata lles gañará as presas a outros peixes gato aos que se parece moito, excepto en que o melgacho ten os orificios nasáis comunicados coa boca.

E si esquiva todas as redes e os anzois, dará lugar a un ovo grande, cuadrangular e coriáceo, que, a diferenza da maioría das quenllas, non terá desenvolvemento ovovivíparo, é dicir, non se incubará dentro do corpo da femia.

Porque en todo, tamén na forma e o tamaño dos ovos, é o melgachoun peixe peculiar.